

GUÍA DIDÁCTICA



E como?
Unha guía para a convivencia

INTRODUCCIÓN

"A educación é un traballo que conleva unha sucesión de contactos interpersoais: a maioría deses contactos deixan pegadas, pracenteiras ou molestas. Sen embargo, resulta paradóxico que, sendo o mundo educativo un dos ambientes laborais cun maior número de conflitos interpersoais, as habilidades sociais e emocionais non sexan obxecto de atención preferente, pois mentres os coñecementos teóricos da súa materia forman parte da bagaxe habitual de calquera profesor, as habilidades sociais soen quedar nas mans do azar ou da intuición persoal"

Juan Vaello Ors

XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA

Este proxecto nace hai algúns anos cando elaboramos o Plan de Acción Titorial, momento no que se elabora un pequeno programa que serve de precedente do actual, pero que non acadara a aceptación desexada aínda que permite xa unha primeira reflexión sobre o que son habilidades sociais: A falta de competencias socio-emocionais materialízase na incapacidade para resolver conflitos, o que se traduce en dificultades na convivencia.

O programa que aquí se presenta é unha ferramenta audiovisual para nenos e nenas de 3 a 12 anos, que os prepara para unha convivencia en paz. Pretendemos que o alumnado poida identificar as situacións que suceden na súa vida cotiá empregando unha linguaxe moi cercana. A través de imaxes que suceden nun colexio calquera, neste caso o CEIP Isaac Peral, os alumnos e alumnas aprenden a realizar correctamente certas prácticas sociais, co que se está traballando na súa socialización.

O entrenamento en habilidades socio-emocionais na escola aparece como unha necesidade por varios motivos:

- **Instrumental:** é un medio para mellorar o rendemento académico do alumnado e facilitar o traballo do profesorado, permitíndolle dar a clase nunhas mellores condicións.
- **Formativo:** porque pensamos que a educación debe entender ao individuo de forma integral, non só afectando a aspectos cognoscitivos, senón tamén a aspectos sociais e emocionais.
- **Afectivo:** proporciona satisfacción e benestar ao crear relacións entre as persoas baseadas na empatía, respecto...

- **Social:** mellora o clima da aula e reduce castigos e sancións, permitindo adicar ese tempo a unha aprendizaxe baseada nun modelo positivo.

Calquera ocasión que se da na aula pode ser aproveitada para traballar habilidades sociais. Este programa o que fai é sistematizar os contidos que se queren transmitir. A súa aprendizaxe é moi dinámica: poden ser adquiridas en situacións formativas diferentes. Apréndense de xeito progresivo.

Atráenos tamén o carácter interdisciplinar e transversal destas aprendizaxes, xa que integran aprendizaxes procedentes de diversas disciplinas académicas, co cal todo o profesorado está implicado no seu ensino e na súa posta en práctica posterior.

As posibilidades de traballar co programa nas aulas son infinitas. Serve para traballar o conflito desde un punto de vista positivo e dinamizador da convivencia. Poderíase utilizar así con todo o alumnado dun aula ou dun centro. Tamén ten utilidade de xeito terapéutico, facilitando o traballo cun alumno ou grupo reducido de alumnos/as que sexan deficitarios nunha determinada habilidade social. Foi pensado tamén para a reeducación daqueles alumnos e alumnas que están carentes de habilidades de relación (o que lles impide integrarse no grupo), para alumnado disruptivo que emprega xeitos de comunicación lonxanas a compartir e colaborar, dominantes, agresivos, ou que por timidez están carentes das ferramentas necesarias para achegarse aos seus compañeiros ou para defender os seus intereses ante o grupo.

Pretendemos con este traballo axudar a **mellorar as habilidades socio-emocionais do noso alumnado e profesorado** e, sobre todo, contribuír a mellorar o clima de convivencia no noso centro. Este traballo supuxo unha reflexión teórica importante sobre os temas que aquí se tratan e un traballo pedagóxico ímprobo para tratar de poñernos nos ollos dos alumnos.

Na actualidade estase poñendo en práctica cun grupo experimental e os resultados están por avaliar.

As habilidades sociais están tan metidas na vida escolar coma o aire que respiramos, pero cremos que **a súa aprendizaxe non debe deixarse ao azar** e que debe ser programado tanto coma o poida ser unha clase de matemáticas ou de lingua. Do que aquí se trata é de axudar nesa programación, facilitando un material moi atractivo e moi cercano ao que hoxe está utilizando o noso alumnado: os medios audiovisuais. E tras realizar as aprendizaxes, pretendemos que as habilidades sociais se convertan nun hábito e se xeralicen ao seu entorno.

Para que estas condutas se consoliden, temos que tratar de que as familias se impliquen neste programa. Pareceunos moi importante a reacción das familias e por iso este programa presentouse aos pais e nais. Observamos que é moi atractivo para eles e a visualización do programa provoca un cambio de actitude incluso cara ao profesorado. Decatámonos de que **abrimos con el unha porta ao respecto e á complicidade**. Esta reacción por parte das familias fora totalmente ignorada por parte dos que participamos neste proxecto. Estudiámolo e a conclusión á que chegamos é que os pais e nais do noso centro están de acordo co profesorado en que somos deficitarios en habilidades sociais, tanto nenos coma adultos. Agora sabemos que tamén gusta ás familias este tipo de traballo, e que **abre outra vía á colaboración familia-escola**.



OBXECTIVOS A ACADAR

Os obxectivos que se pretenden acadar coa utilización do programa son:

- a) **Coñecemento e manexo** das habilidades sociais traballadas.
- b) Establecemento dunha **aprendizaxe cooperativa** na que nos beneficiamos todos e todas, nenos e adultos, dentro e fóra do colexio.
- c) Fortalecer a **acción titorial** como eixo principal da orientación no centro.
- d) Aprender, de xeito lúdico, **competencias** básicas en interacción social.
 - Ser consciente dos **valores do contorno** e comportarse en coherencia con eles ao afrontar unha decisión ou conflito.
 - Coñecerse, valorarse, **saber comunicarse** en diferentes contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser empático...
 - **Valorar as diferenzas** e recoñecer a **igualdade de dereitos** entre as persoas.
 - **Integrar coñecementos e habilidades** complexas que permitan participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións tomadas.
- e) Mellorar as relacións dentro da aula, buscando a **cohesión do grupo-aula**.
- f) **Mellorar a convivencia** no centro.



HABILIDADES QUE SE TRABALLAN

Trabállase en primeiro lugar o concepto mesmo de Habilidades Sociais:

- Que son as habilidades sociais?



Unha vez entendido este concepto, centrarémonos xa en cada unha das seguintes habilidades. Seleccionáronse estas habilidades por considerar que os alumnos e alumnas de educación infantil e primaria deben ter unha competencia social que o dominio das mesmas facilita ao rematar 6º: o individuo deberá ser competente para relacionarse, comunicarse e vivir positivamente cos demais.

1. Sorrir
2. Saudar e despedirse
3. Dar as grazas
4. Facer e recibir favores
5. Presentarse e conversar
6. Compartir e colaborar



7. Sentimentos e emocións:

- Autoestima
- Empatía
- Escucha activa.



8. Resolver conflitos:

- Que son conflitos?
- Estilos de relacionarse
- Como resolver conflitos?





Estas presentacións complementan as anteriores e afondan nos valores de respecto aos outros, ao contorno e a necesidade de establecer unhas normas na aula que regulen a convivencia.



METODOLOXÍA

Cada habilidade social consta dunha presentación que explica o concepto e o modelo correcto de actuación. A esta acompaña 20 actividades que reforzan a aprendizaxe. Resultan moi motivadoras porque se emprega unha linguaxe moi realista, un grande sentido do humor e a súa forma de presentación resulta ser moi lúdica e divertida.



Estas actividades, por ser moi intuitivas e respectar sempre o mesmo patrón para a súa execución, facilitan a interiorización de comportamentos, non só dos conceptos transmitidos nas presentacións das habilidades sociais. As alumnas e alumnos traballan con situacións da súa vida escolar, o que facilita asimesmo que se identifiquen coas escenas que están a ver. Ademais precisan pouca axuda por parte do profesorado, co cal o alumnado pode ser autónomo na súa realización.



ACTIVIDADES LIM

O proxecto consta dun conxunto de actividades LIM (LIBROS INTERACTIVOS MULTIMEDIA), en concreto nove libros de actividades.

O sistema LIM é un contorno para a creación de materiais educativos, formado por un editor (EdiLim), un visualizador (LIM) e un arquivo en formato XML (libro) que define as propiedades do libro e as páxinas que o compoñen.

Entre as vantaxes de utilizar este tipo de actividades están:

- + Non é necesario instalar programa ningún no ordenador.
- + Accesibilidade inmediata desde internet.
- + Independiente do sistema operativo, hardware e navegador web.
- + Tecnología Macromedia Flash, de contrastada fiabilidade e seguridade
- + Contorno aberto, baseado no formato XML.

Desde o punto de vista educativo:

- + Contorno agradable
- + Facilitade de uso para o alumnado e o profesorado.
- + Actividades atractivas
- + Non hai que preparar os ordenadores, é un recurso doado de manexar.
- + Posibilidade de utilización con ordenadores, PDA e Pizarras Dixitais Interactivas
- + Avaliación dos exercicios.



Ao pulsar neste botón compróbase se as actividades realizadas son correctas ou non.

- + Posibilidade de control de progresos.



Ao pulsar neste botón accédese a unha pantalla na que se comprobaban os resultados obtidos nas distintas actividades.

- + Arquivo de axuda



Nel atópase a solución das distintas actividades.

LIM precisa para o seu funcionamento o plug-in flash. É de uso e distribución libre, sempre que se respecte a súa gratuidade e autoría. O seu autor é Fran Macías.

No seguinte enlace poderáse descargar o programa:




<http://www.educalim.com/cdescargas.htm>

Lim Libros Interactivos Multimedia Galego | Castellano-Español

Inicio
A contorna
Tipos de páxinas
Preguntas frecuentes
Libros de exemplo
Editor de libros: EdiLim
Crear páxinas
Faq EdiLim
Linux
Contacto
Descargas
Biblioteca
LIMexe
Ligazóns
Laboratorio

Lista de correo

 **Benvido Benvida a LIM.**

Novo: Versión 2.90 Xuño 2008
[Vexa aquí as novas características](#)

O sistema Lim é unha contorna para a creación de materiais educativos, composto por un editor de actividades (EdiLim), un visualizador (LIM) e un arquivo en formato XML (libro) que define as propiedades do libro e as distintas páxinas que o compoñen.

Como vantaxes podemos destacar:

- Os arquivos están na web, non se instala nada no ordenador.
- Accesibilidade inmediata en internet.
- Independente do sistema operativo, hardware e navegador web.
- Tecnoloxía Macromedia Flash, de contrastada seguridade e fiabilidade.
- Contorna aberta. Utilización de arquivos XML.

Desde o punto de vista educativo:

- Contorna agradable.
- Facilitade de uso para os alumnos e alumnas.
- Actividades atractivas.

TIPOS DE ACTIVIDADES



Formar parellas



Buscar a palabra segredada



Preguntas de resposta simple



Mover imaxes



Preguntas de resposta múltiple



Raios X: Actividade de observación



Escoller frases ou imaxes



Resposta a texto e imaxe



Galería de imaxes



Dictado de palabras ou frases



Identificar imaxes



Completar os ocos dunha frase



Arrastrar textos



Crucigramas



Arrastrar imaxes



Crebacabezas



Clasificar textos



Sopa de letras



Clasificar imaxes



Continuar series



Actividades de texto



Actividades co reloxo



Ordenar imaxes



Colocar etiquetas nun debuxo



Ordenar letras para formar palabras ou palabras para formar oracións

SOLUCIÓN ÁS ACTIVIDADES

Libro 1: SORRIR

Actividade 6:

Ledicia, contenta.

Actividade 8:

Tamén sorrimos cos ollos.

Actividade 10:

É, necesite, poida, dalo.

Actividade 11:

Cóxegas.

Actividade 15:

As armas.

Actividade 16:

Chorar

Actividade 19:

- Hai sorrisos diferentes e todos nos falan.

- O sorriso é unha forma suave e silenciosa da risa.

- O sorriso é un raio de luz na cara.

- A risa é a distancia máis curta entre dúas persoas.

- Os sorrisos fan amigos.



Libro 2: SAUDAR E DESPEDIRSE

Actividade 3:

Saúda o rei,
saúda mamá,
sen saludar,
ninguén pode escapar.

Actividade 6:

- 1- Ola, son Fran
- 2- Ola Fran!
- 3- Eu son Diego
- 4- Ola Diego!

Actividade 7: Pelota

Actividade 10: Ata pronto, amigos!

Actividade 14: Maleducados

Actividade 15:

- Se atopamos un amigo dicímoslle: Ola!
- Ao deitarnos despedímonos dicindo: Boas noites!
- Cuando saímos do colexio dicimos: Ata mañá!
- Debemos saudar cando entramos na casa

Actividade 16: Un sorriso é o mellor saúdo.

Actividade 18: Saudar

Actividade 19: Galego: Ola; italiano: Buon Giorno; vasco: Kaiko; francés: Bonjour; inglés: Hello



Libro3: DAR AS GRAZAS

Actividade 5:

- 1- Portugués
- 2- Italiano
- 3- Inglés
- 4- Francés
- 5- Castelán



Actividade 6: Grazas

Actividade 8: Grazas

Actividade 9: Se nos axudan debemos dicir: Grazas!

Actividade 12: Cando nos dan algo

Actividade 13: (as frases poden estar noutra orde)

- Se che dan algo, debes dicir **GRAZAS!**
- Aos que nos axudan nas dificultades, **GRAZAS!**
- Debemos dar as **GRAZAS** cando nos axudan.
- Debemos dicir **GRAZAS** se colaboran con nós.
- Cando comparten algo contigo debes dicir **GRAZAS!**
- Aos nosos amigos, **GRAZAS** por ser como sodes!

Actividade 15: Bisílaba, grave

Actividade 16: Grave

Actividade 17:

1- QUEREN; 2- ENSINAN; 3- REGALO; 4- GRAZAS; 5-
RECOLLER; 6- TEU

Actividade 18: 9:30

Libro 4: PEDIR E CONCEDER FAVORES

Actividade 5:

Profesora

Actividade 6:

Axuda a recoller a clase

Actividade 8:

1- Non o entendo

2- Axúdoche?

3- Si, por favor.

Actividade 10: AXÚDOLLE

Actividade 11: Un verbo

Actividade 14: Tres

Actividade 15: (Poden estar noutra orde)

Facer, Favor, Axudar

Actividade 16:

Necesitamos: favores, colaboración, axuda.

Rechazamos: intolerancia, indiferenza, egoísmo.

Actividade 17:

1- AXUDA; 2- GRAZAS; 3-
FAVORES; 4- COLABORA; 5-
FAVOR; 6- AMIGOS

Actividade 18: Aguda

Actividade 19: 11:30



Libro 5: PRESENTARSE E CONVERSAR

Actividade 2:

Hai que arrastrar cada debuxo ata que coincida a súa esquina superior esquerda co número.

Actividade 5:

- 1- Presentándonos
- 2- Conversando

Actividade 6:

Amarelo

Actividade 9:

Conversar



Actividade 10: (As frases poden aparecer noutra orde)

- Para presentar dicimos algo da outra persoa
- Emprega o sorriso cando presentes a alguén.
- Fai amigos presentándote e conversando cos demais.
- Respecta a túa quenda cando fales en grupo.
- Aprende a escoitar a quen fala.
- Busca ao teu amigo para que te escoite.

Actividade 11:

Conversar: comunicar, dialogar, falar.

Discutir: pelexar, berrar, agredir.

Actividade 12:

Conversar: falar.

Compañeiro: amigo.

Alegre: ledó.

Actividade 15:

1- Este é Xosé.

2- Ola Xosé!

3- Ola!

4- É o meu curmán.

5- Imos xogar.

6- Vale

Actividade 16:

Bico

Actividade 17:

Presentalo aos teus amigos.

Actividade 18:

Escoita aos teus amigos.

Actividade 19:

- Trisílaba (con til)
- Aguda
- Verbo
- Primeira (escrito con letra)



Libro 6: COLABORAR E COMPARTIR

Actividade 5:

Compartir

Actividade 8: (As frases poden aparecer noutra orde)

- Para facer amigos debes compartir
- No colexio compartimos espazos, materiais, profesorado...
- Aprende a convivir compartindo e colaborando.
- Na miña casa comparto aos meus pais, as tarefas...
- Se queres ter amigas colabora con elas.

Actividade 9:

Un verbo

Actividade 10:

- Facemos amigos e amigas: Compartindo, colaborando, axudando.
- Temos que mellorar: pelexando, rifando, berrando.

Actividade 11:

Colabora cos teus amigos.

Actividade 13:

Compartir

Actividade 14:

Amigo: amizade

Colaborar: colaboración.

Convivir: convivencia

Axudar: axuda.



Actividade 15:

Escoita aos teus amigos.

Actividade 16:

Facer, ter, facer, hai, aprender, compartir, colaborar

Actividade 17:

Rosa

Actividade 18:

Trisílaba (con til)

Grave

Nome

Masculino plural

Actividade 19:

14:00



Libro 7: SENTIMENTOS E EMOCIÓNS

Actividade 2:

Positivos: humor, ledicia, cariño.

Negativos: tristeza, aburrimiento, enfado.

Actividade 3:

Ledicia.

Actividade 6:

Tristura: ledicia.

Aburrimiento: diversión.

Pesimismo: optimismo.

Desconfianza: confianza.

Actividade 7:

Transmite ledicia aos demáis.

Actividade 8:

1- POSITIVO

2- NEGATIVO

3- LEDICIA

4- RISA

5- ESCOITAR

6- LUGAR



Actividade 10: (As frases poden aparecer en diferente orde)

- Sentimentos negativos, cantos menos mellor.
- A tristura é un sentimento negativo.
- A confianza é un sentimento positivo.
- Enche a túa vida de sentimentos positivos.
- Os sentimentos negativos son desagradables.
- Os sentimentos positivos producen benestar.

Actividade 11:

- 1- Tristura 2- Interese 3- Leducia 4- Preocupación

Actividade 12:

Empatía

Actividade 13:

- Nome
- Triste
- Leducia
- Grave



Actividade 14:

- Tratar de comprendelo e axudalo.

Actividade 15:

LEDICIA

Actividade 17:

Tristura, pesimismo, risa, confianza, furia.

Actividade 18:

Leducia.

Libro 8: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Actividade 3:

Deste xeito: escoitando, dialogando, falando.

Hai que mellorar: pelexando, berrando, rifando.

Actividade 4: (As frases poden aparecer noutra orde)

- Falando conseguirás chegar a acordos.
- Resolve os conflitos dialogando.
- Tes que respectar as ideas dos demais.
- Non intentes gañar sempre.
- Escoita as opinións dos demais.
- O diálogo é un medio de resolución de conflitos.

Actividade 5:

De forma asertiva.

Actividade 6: (aparecen nesta orde)

asertiva, acordos, agresiva, berros, pasivo, ignorar.

Actividade 8:

Conflicto: discusión.

Dialogar: falar

Oír: escoitar



Actividade 11:

Dialogando e chegando a acordos.

Actividade 12:

Dialogando

Actividade 15:

Trisílaba

Llana

Nome

Masculino

Actividade 16:

DIALOGAR

Actividade 17:

Resolve os conflitos con acordos.

Actividade 18:

1- Agora verás!

2- Non, así non!

3- E como?

Actividade 19:

1- ASERTIVA;

2- ESCOITAR;

3- GAÑAR;

4- DIALOGAR;

5- PASIVA

6- AGRESIVA



Libro 9: NORMAS DE AULA

Actividade 4: (Poden aparecer noutra orde)

A miña clase necesita unhas normas.

Entre todos discutimos e votamos as normas.

Todos debemos cumprir as normas.

Sen normas non hai boa convivencia.

Actividade 5:

Orde

Actividade 7:

Normas

Actividade 8:

Porque necesitamos aprender a convivir.

Actividade 9: (Aparecen nesta orde)

normas, convivir, votaremos, deber, cumprilas.

Actividade 10:

Levantar a man.

Actividade 11:

Entre todos e todas



Actividade 13:

- 1- NORMAS
- 2- ORDENAR
- 3- QUENDA
- 4- ESCOITA
- 5- CORRER
- 6- DEBERES

Actividade 14:

Maltrato

Actividade 15:

- 1- Sentade!
- 2- Xa está limpo
- 3- A ver que pon
- 4- Dame o cromó

Actividade 17:

Para convivir son necesarias normas.

Actividade 18: (As frases poden aparecer noutra orde)

- As normas son necesarias para convivir no cole.
- Se sabes que hai algún abuso, comunícao a un adulto.
- Para respectar a quenda de palabra tes que levantar a man.
- Os corredores non son para correr.
- Tes que saber escoitar cando outro fala.
- Ordena o material do colexio.



FAMILIARIZARSE CO PROGRAMA

Recoméndase ao profesor ou profesora que vai traballar co programa ter en conta unhas recomendacións moi sinxelas



Antes de realizar as actividades débese ver a presentación do tema correspondente.

No libro inclúense actividades para resolver e outras para observar. Non é preciso resolver unha actividade para pasar á seguinte, aínda que sería conveniente que así se fixera.

BOTÓN

Así son os
libros de
actividades



BOTÓN

Queres saber
como funcionan
as actividades?

És doado! Fíxate
para que serven
cada un dos botóns



Botóns para
cambiar de
actividade



Actividade anterior



Actividade seguinte

Para
comprobar
resultados




Ao premer aparece

Moi ben!

Volve intentalo!


Pódense ver
as solucións
das
actividades



Para saber os resultados obtidos nas actividades

i

Aparecerá esta pantalla



Actividades ben realizadas

Fallos

Actividades pendentes

Ben

Fallo

Porcentaxe de actividades ben resoltas

Sen realizar

Nº da actividade

Pódense realizar as actividades con ou sen son



A pantalla completa, pulsando calquera destes botóns



E para rematar...

Para volver a realizar as actividades



Para saír do programa





Manexar o programa
é moi sinxelo.

Moi doado, tanto para
pequenos coma para
maiores



Non é preciso ter moita
idea de informática

Ao rematar convén
ver a presentación
"Agora tócache a ti"



Esperamos que o noso
traballo vos sirva de
axuda para levar a cabo
o voso labor educativo

RECURSOS

PROGRAMAS UTILIZADOS



Microsof Word



Power Point



LIM: Libros Interactivos Multimedia



Autoplay Media Studio

IMAXES UTILIZADAS



As imaxes utilizadas neste proxecto foron realizadas ao alumnado, profesorado e ao resto da comunidade educativa do CEIP Isaac Peral (Ferrol), contando cos permisos pertinentes.

MÚSICA E SONS



Banco de sons do CNICE:

<http://recursos.cnice.mec.es/bancoimagenes/sonidos/index.php>

PRESENTACIÓNS	MÚSICA	AUTOR
Presentación de habilidades sociais	Mar de Pantín	Jesús Pareja
O sorriso	Air	Johann Sebastian Bach
Saudar e despedirse	The celts	Enya
Dar as grazas	Lothlorien	Enya
Pedir e conceder favores	House moon	Enya
Presentarse e conversar	Swan Lake	Peter J. Tchaikovsky
Facer amigos	The song of the sun	Mike Oldfield
Autoestima	Watermark	Enya
Sentimentos e emocións	From where i am	Enya
Empatía	May it be	Enya
Escoita activa	The voyager	Mike Oldfield
Que son os conflitos	Orinoco flow	Enya
Estilos de relacionarnos	After ventus	Enya
Como resolver os conflitos	Romance	Wolfgang Amadeus Mozart
Cravos na cancela	Sobrepena	Hevia
Normas de aula	B.S.O. A vida é bela	
Prevención do maltrato	B.S.O. O último mohicano	
Agora tócache a tí	Notas de cor	Jesús Pareja

BIBLIOGRAFÍA MANEXADA

- ✚ Álvarez García, David e outros (2007). *Aprende a resolver conflictos. Programa para a convivencia escolar*. Madrid: CEPE.
- ✚ Camp e Bash (1998). *Habilidades cognitivas e sociais na infancia. Pensa en voz alta. Un programa de resolución de conflictos para nenos*. Valencia: Promolibro.
- ✚ De Puig, Irene (2003). *Persensar. Percibir, sentir e pensar*. Barcelona: Octaedro-Eumo.
- ✚ López Cassá, Élia e outros (2006). *Educación emocional. Programa para 3-6 anos*. Colección educación emocional. Madrid: Praxis.
- ✚ Monjas Casares, M^a Inés (2000). *Programa de ensino de habilidades sociais de interacción social (PEHIS). Para nenos/as e adolescentes*. Madrid: CEPE.
- ✚ Monjas Casares, M^a Inés ((2007). *Como promover a convivencia: Programa de asertividade e habilidades sociais (PAHS). Educación infantil, primaria e secundaria*. Editorial CEPE
- ✚ Renom Plana, Agnés coordinadora do GROP (2007). *Educación emocional. Programa para educación primaria (6-12 anos)*. Madrid: Wolters Kluwer.
- ✚ Vaello Ors, Juan (2003). *Resolución de conflictos na aula*. Madrid: Santillana.
- ✚ Vaello Ors, Juan (2005). *As habilidades sociais na aula*. Madrid. Santillana



REQUISITOS MÍNIMOS

Pentium III - 800 Mhz

256 MB de RAM

128 MB Tarxeta Gráfica

RECOMENDADO

Pentium IV - 2,4 Mhz

512 MB de RAM

256 MB Tarxeta Gráfica

RESOLUCIÓN DE PANTALLA

1024 x 768

POWER POINT 2007

É necesario poder visualizar arquivos de Power Point 2007, se non está ese programa instalado, pode descargarse un visualizador nesta páxina web:

[PowerPoint Viewer](#)